



AS PLANTAS. O froito

Parte da planta que envolve e protexe ás sementes.
Os froitos verdadeiros desenvólvense a partir do ovario da flor fecundada.
Están formados por tres envolturas e a do medio ás veces é carnosa.




A semente

Estrutura pola que se propagan as plantas.




TIPOS DE FROITOS


1) **CARNOSOS**: unha envoltura carnosa que almacena zugos




DRUPA: unha única semente leñosa



BAGA: con moitas sementes, epicarpo delgado, meso e endocarpo carnosos




PEPÓNIDE: pericarpo duro, moitas sementes,




HESPERIDIO: epicarpo glanduloso, endocarpo membranoso, dividido en "chavos"

2) SECOS: envoltura dura


2.1) Non se abren para soltar as sementes




AQUENIOS: unha única semente sen pegar á envoltura exterior




SÁMARA: envoltura con prolongacións membranosas a xeito de ás



CARIOPSIDE: unha única semente pegada á envoltura exterior




LOMENTO: con tabiques separando as sementes.




GLANDE: cuberto cunha cúpula, semente cos cotiledóns carnosos.


2.2) Ábrense para solta-las sementes



LEGUME: con varias sementes: ábrense lateralmente



SILICUA: con varias sementes que quedan nun tabique central




FOLÍCULO: con moitas sementes, en xeral ábrense lateralmente.




CÁPSULA ou **CAIXA:** con varias sementes, ábrense lateralmente ou por arriba


FROITOS MÚLTIPLES: proveñen de flores con varios carpelos, nas que cada ovario forma o seu froito independentemente.




POLIFOLÍCULO: varios folículos




POLIDRUPA: varias drupas




CINORRODON: varios achenios dentro dun receptáculo.





POLIAQUENIOS: varios achenios




ETERIO: achenios arredor dun soporte carnoso



FROITOS FALSOS: a parte carnosa non se desenvolve a partir do ovario




POMO: receptáculo coas sementes rodeado dunha formación carnosa.



SOROSE: eixo e capa grosos e carnosos. Inclúe froitos, cálices e brácteas.


INFRUTESCENCIAS: Agrupacións de froitos que se forman a partir de flores agrupadas en inflorescencias.




CÚPULA: varios froitos protegidos por envolturas
Exemplo: ourizo da castaña, faia




ESPIGA: froitos agrupados arredor dun eixo.
Exemplos: trigo, millo, centeo...



SICONO: froitos secos dentro dun soporte carnoso e pechado
Exemplo: figo




ACIO: froitos con rabo sobre un eixo. Chámase panícula cando se ramifica varias veces.
Exemplos: uvas, glicinia, coles, alhelí,...



POLIACANTOCARPICA: Grupos de aquenios acompañados de brácteas.
Exemplo: plátano de sombra



PSEUDOESTRÓBILO: aquenios con brácteas leñosas.
Exemplos: amieira, bidueiro...



CABEZA (capítulo): froitos secos sobre unha base
Exemplos: cardo, dente de león, manzanilla, margarita, mirasol...



UMBELA: grupo de froitos con rabos que conflúen nun punto